



**Universidade
de Vigo**
Campus
de Ourense

**Graduado
universitario en
INFORMACIÓN
TÉCNICA DO
MEDICAMENTO**

TÍTULOS PROPIOS

**GRADUADO UNIVERSITARIO
EN INFORMACIÓN TÉCNICA DO MEDICAMENTO**

O título de Graduado Universitario en Información Técnica do Medicamento é unha oferta de formación especializada que leva a cabo a Facultade de Dereito de Ourense en colaboración coa Confederación Española de Asociaciones Profesionales de Visitadores Médicos.

O curso ten carácter profesional e inclúese no grupo de ensinanzas non reguladas. A súa superación dará lugar á obtención do título de experto profesional en Información Técnica do Medicamento expedido pola Universidade de Vigo. Preténdese formar persoas que se queiran dedicar á información técnica do medicamento e actualizar os coñecementos e mellorar a formación das persoas que xa se dediquen a esta actividade. Para isto, achegaranse explicacións, tanto de contido teórico como práctico, co obxecto de obter unha utilidade que permita a aplicación inmediata dos coñecementos adquiridos polo alumno.

A docencia do curso corre a cargo dun grupo de profesores con ampla e probada experiencia no campo do ensino superior e especializados en diversas áreas en que se divide o curso, así como de profesionais de recoñecido prestixio nos ámbitos da docencia. O feito de formar un grupo interdisciplinario permite unha adaptación especializada que incrementa o nivel en cada área de coñecemento que comprende o programa. Coa titulación permítese alcanzar unha formación que garante a eficacia e profesionalidade do futuro graduado e, dada a súa tecnificación, posibilita a adquisición e actualización constante dos coñecementos e mellora dos seus métodos para unha maior eficiencia.

DESTINATARIOS

Profesionais da información técnica do medicamento en exercicio ou persoas que pretendan dedicarse profesionalmente a este sector.

ACCESO

TITULADOS UNIVERSITARIOS

Titulado universitario de 1º ou 2º ciclo.

COU con ou sen selectividade.

FP.

Bacharelato LOXSE con selectividade.

Ciclo formativo de grao superior ou equivalente.

Probas de acceso para maiores de 25 anos.

Estudos estranxeiros validables.

OBXECTIVOS DOCENTES

Os estudos correspondentes ao Graduado Universitario en Información Técnica do Medicamento teñen como obxectivos básicos:

Formar as persoas que pretendan dedicarse profesionalmente á información técnica do medicamento.

Actualizar os coñecementos e mellorar a formación dos profesionais xa dedicados a esta actividade.

SAÍDAS PROFESIONAIS

Visitador médico.

METODOLOXÍA DOCENTE

Clases maioritariamente prácticas

Presenciais

Non presenciais (en liña)

PRIMEIRO CURSO

Disciplinas	Tipo	Total créditos
Contorno farmacéutico	T	15
Farmacoloxía e tecnoloxía farmacéutica	T	15
Medicina e visita médica I	T	10
Técnicas de venda e visita médica	T	20

SEGUNDO CURSO

Disciplinas	Tipo	Total créditos
Contorno legal	T	25
Estatística e contabilidade	T	10
Inglés	T	0.5
Medicina e visita médica II	T	10
Medicina e visita médica III	T	10

TERCEIRO CURSO

Disciplinas	Tipo	Total créditos
Informática	T	20
Prácticas profesionais	P	30
Proxecto de fin de carreira	P	10

T Teórico P Práctico

Ficha

Titulación	Graduado Universitario en Información Técnica do Medicamento
Centro	Facultade de Dereito de Ourense
Nº de anos académicos	3
Curso de implantación	05/06

Créditos totais

Teóricos	Prácticos	Proxecto. fin. carr.	Totais
140	30	10	180

Información

Facultade de Dereito de Ourense
Campus de Ourense. As Lagoas
32004 Ourense
Tfno: 988 368 700 Fax. 988 368 923
Correo electrónico: sdefdo@uvigo.es
<http://dereito.uvigo.es>

Servizo de Extensión Universitaria. Sección de información (SIOPE)

Edificio Miralles - Praza de Enric Miralles
Campus de Vigo
36310 Vigo (Pontevedra)
Tfno. 986 813 630/ 755 Fax. 986 813 639
mail. siope@uvigo.es
www.uvigo.es